

O Rexurdimento: Eduardo Pondal

Eduardo Pondal é outra das grandes figuras do Rexurdimento. Creou un universo literario singular, marcado por un lirismo épico, no que salientan a exaltación das raíces celtas de Galicia e unha inquebrantable defensa da lingua galega.

Aspectos biográficos (Ponteceso, 1835 - A Coruña, 1917)

O lugar de nacemento resulta determinante en Pondal, pois a lingua literaria que el construíu na súa obra ten como base o rexistro lingüístico dialectal da bisbarra de Bergantiños. Ademais, a paisaxe desa comarca sèrvelle de marco espacial para o mundo mítico que recrea. Bergantiños aparece retratada como dura, salvaxe e agreste, sen apenas presenza humana, alén de empregar numerosos topónimos desa terra.

Estudou o bacharelato en Santiago de Compostela, onde participa nas actividades do Liceo de la Juventud e traba amizade cos rexionalistas que o frecuentaban. Desá etapa é a súa participación no Banquete Democrático de Conxo, unha xuntanza de obreiros e estudantes celebrada en Santiago en 1856. Tras licenciarse en Medicina e exercer esta profesión durante un breve período de tempo en Ferrol, retorna á súa casa natal. Alí viviu os máis dos seus anos, alternando longas tempadas na cidade da Coruña, dedicado ao cultivo da creación literaria.

Na Coruña participou en numerosas sociedades literarias e mais en diversas tertulias, como a chamada Cova Céltica, onde era coñecido co sobrenome de «O bardo». A Cova Céltica estaba constituída por un grupo de intelectuais preocupados por Galicia e a súa cultura, e defensores da orixe celta do noso pobo, tal e como postulaba Manuel Murguía.



Casa natal de Eduardo Pondal en Ponteceso



Aspectos literarios

A primeira publicación de Pondal foi o longo poema «A campana de Anllóns», incluído no *Álbum de la Caridad* (1862). En 1886 publica *Queixumes dos pinos*, unha obra que reelaboraba un poemario anterior bilingüe, *Rumores de los pinos* (1877). O fío condutor deste libro é un personaxe, o bo bergantiñán, que, de camiño a Ponteceso, escoita os queixumes dos piñeiros. A continuación aparecen eses queixumes en boca do bardo e, finalmente, o bo bergantiñán aclara as mensaxes do bardo.

Por outro lado o poeta traballou intensamente nos seus últimos anos na redacción dun extenso poema épico, *Os Eoas*, que estivo inédito ata o ano 1992. Con algúns puntos de contacto con *Os Lusíadas* de Luís Vaz de Camões, Pondal canta a fazaña da descuberta de América por Cristovo Colón.

Na produción poética de Pondal aparecen, dispersos, algúns elementos caracterizadores que a singularizan, recollidos na páxina seguinte.

O celtismo e o bardismo

Pondal, instado por historiadores como Murguía ou Vicetto, constrúe un universo literario mítico baseado nun pasado lendario cheo de esplendor, que sitúa na época celta, e mais no futuro glorioso que agarda á raza celta. Pondal sèrvese desta creación para contraponela a un presente que entende oprobioso e aldraxante. Para relatar o noso pasado, o poeta recorre á creación de heroes que nunca existiron ou reutiliza mitos extraídos doutros lugares.

O bardo considérase unha figura clave no universo literario pondaliano, pois aparece recorrentemente como un personaxe destinado para a profecía e dotado de características sobrenaturais que o converten nun ser por riba da xente común.

O ossianismo

En 1760 un mestre de escola escocés chamado Macpherson declarou que dera cun libro de poemas dun bardo celta chamado Ossian. Este poemario, aínda que na realidade fora creado por Macpherson, gozou dunha grande atención no seu tempo. Pondal tamén viu nel a manifestación artística e literaria do celtismo, como un pasado ideal no cal os galegos se deben ollar.



O helenismo e o iberismo

O home libre, a morte pola patria, a tendencia a subliñar a virilidade, o sentimento heroico, o guerreiro que Pondal retrata nas súas composicións..., proveñen da cultura helénica, en concreto do pobo espartano, famoso polo seu valor.

Ademais, Pondal acreditaba nunha organización política que confederase todos os pobos ibéricos. Deste xeito, Galicia quedaría libre do xugo castelán e podería xogar un papel preponderante, en unión con Portugal.

A defensa da lingua

Pondal amosouse intransixente na defensa da fala, considerándoa un elemento fundamental da nosa identidade. Traballou esta dimensión, ao longo da súa vida e da súa produción literaria, con atención de ourive. Sendo consciente dese esforzado labor deixou dito ao final da súa vida: «Déstesme unha lingua de ferro, devólvovos unha lingua de ouro».

A muller

O tratamento que fai o poeta da figura feminina non é uniforme. En ocasións asómanse na súa obra as heroínas guerreiras ou as fadas; as máis das veces, segundo a doutrina espartana, a muller representa a debilidade, aparecendo mesmo como botín para o guerreiro, ou idealizada, como depositaria dun sutil erotismo.

Eduardo Pondal